

AO MESMO TEMPO

I

Ao mesmo tempo, *simultaneously*: fragilidade líquida e fluídos viscosos, partículas coloidais oscilando infinitamente, difundindo ao azar nun río de enerxía elástica, colidindo incesantemente. Da transición vítrea de materia en suspensión facéndose dura. Subliñando movementos que perforan os pregues da pel.

II

Ao mesmo tempo, *simultaneously*, anécdotas, memorias e contos de fadas, persoas lendo historias ou inventándoas a calor da lareira ancestral. Fantasía en crecemento, cun mando de verbas antigas. Recriando os tempos en heroicas experiencias de ficción. Espremendo a imaxinación coma se fose un limón brillante

III

Ao mesmo tempo, *simultaneously*, as verbas sagradas do bruxo Daiak recitando versos confusos nun lugar escuro, rogando aos espíritos logo de fumar dun tubo longo, sentindo o sangue subir cara a fronte e as tatuaxes. Imaxes perturbadoras, como o rañar das patas dun tigre.

IV

Ao mesmo tempo, *simultaneously*, reflectindo en silencio, abrindo o casulo da súa imaxe en imago, un home olla cara á outro home, con tenrura adolescente, soñando en treboadas de bicos e abrazos imposíbeis, sufrindo a agresión na beleza de outros.



V

Ao mesmo tempo, *simultaneously*, fronteiras, límites, tránsitos, interfaces, discontinuidades, labirintos, lugares talmente illados, límites, teitos, lín-des, medianeiras. Unha corrente que ascendeu polo espiñazo a primeira vez que iso. Alma solitaria perfecta, soñando en amantes distantes.



xavierqueipo.gal